

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A SOCIEDADE PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A., PARA A CELEBRACIÓN DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DE PEMES "GALICIA AVANZA"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

A Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE) a sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante, PTG, S.A.) teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30/12//2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dun Programa de aceleración, que se denominará "GALICIA AVANZA" e cuxo obxectivo é impulsar a internacionalización das pemes innovadoras de calquera tipo de ámbito ou sector que necesiten unha panca para a validación o posicionamento e o fortalecemento da súa competitividade en mercados exteriores, achegando así ao tecido empresarial galego ao mercado global.

Fixar as bases de colaboración entre ambas entidades para levar a cabo o Programa de aceleración para a internacionalización de PEMES galegas: GALICIA AVANZA

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o **instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:**



- 1. Que o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante PTG, S.A.) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG, S.A. mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.*
- 2. O PTG, SA achega unha dilatada experiencia dende a súa constitución no ano 1991, para desenvolver actividades que contribúan á promoción económica e ao desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.*
- 3. A actuación pretendida co convenio ten os seus antecedentes na colaboración no ano 2015 entre PTG, S.A. e GAIN para a posta en marcha do primeiro programa do Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega, denominado Programa Agrobiotech Innovación. Debido ao óptimo desenvolvemento do Programa Agrobiotech Innovación en 2015 celebráronse dúas edicións adicionais nos anos 2017 e 2019 cunha participación de 32 empresas innovadoras galegas o que consolida a experiencia de PTG, S.A en programas de aceleración dirixidos a empresas en diferentes ámbitos de especialización.*
- 4. Baseándose na experiencia do Programa Agrobiotech, Tecnópole e GAIN volveron colaborar en 2020 para levar a cabo un novo programa de aceleración especializado na comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da covid-19, denominado CONNECT-19, cuxo obxectivo foi o impulso e fortalecemento do acceso ao mercado de solucións innovadoras do tecido empresarial galego coa finalidade de contribuír a reducir o impacto social e económico provocado pola covid-19. Neste programa participaron 20 empresas.*



5. *O devandito programa GALICIA AVANZA é un programa de aceleración especializado na comercialización internacional da innovación, que, aproveitando a oportunidade da actual demanda social e industrial, persegue que solucións innovadoras galegas, dispoñibles ou moi próximas ao mercado, alcancen a presenza e/ou o fortalecemento no mercado exterior no menor tempo posible.*
6. *A internacionalización é sempre una tarefa de alto esforzo, e cando se trata de produtos e servizos innovadores aínda é máis complexo. Moitas veces as PEMES innovadoras carecen dos recursos suficientes para superar as barreiras de entrada nos mercados exteriores e posicionar os seus produtos e servizos. Deste modo, a través de GAIN e IGAPE, e coa colaboración de PTG, S.A, preténdese dar cobertura á etapa posterior de internacionalización, na cal o IGAPE dispón dunha grande experiencia e instrumentos de apoio.*

O importe total do convenio ascende a 2.239.650 € co IVE incluído (1.850.950,41 € de base impositiva máis 388.699,59 € de IVE ao tipo impositivo do 21%). GAIN e IGAPE compensarán ao Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. polos custos xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio un importe máximo de 2.239.650 € segundo se detalla na cláusula quinta; 1.639.650 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.56A.640.0 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para os anos 2022 e 2023 e un importe de 600.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.A1.741A.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para os anos 2022 e 2023.

Orzamentos de GAIN:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Código de proxecto</i>	<i>Anualidade</i>	<i>Importe con IVE</i>
<i>06.A2.56A.640.0</i>	<i>2016.04</i>	<i>2022</i>	<i>639.463,50 €</i>
<i>06.A2.56A.640.0</i>	<i>2016.04</i>	<i>2023</i>	<i>1.000.186,50 €</i>
<i>Total (Importe con IVE)</i>			<i>1.639.650,00 €</i>



Orzamentos do IGAPE:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Código de proxecto</i>	<i>Anualidade</i>	<i>Importe con IVE</i>
<i>06.A1.741A.640.0</i>	<i>2021 00014</i>	<i>2022</i>	<i>234.000,00 €</i>
<i>06.A1.741A.640.0</i>	<i>2021 00014</i>	<i>2023</i>	<i>366.000,00 €</i>
<i>Total (Importe con IVE)</i>			<i>600.000,00 €</i>

Por outra banda, o PTG, S.A. no marco deste convenio, aportará os medios persoais propios e materiais que resulten precisos (espazos e medios técnicos existentes nas súas instalacións) para participar na Comisión de Seguimento e no Comité Técnico, coordinar a execución do programa de aceleración, organizar as xornadas formativas previstas e realizar todas as labores propias de oficina técnica. PTG, S.A. asumirá uns custes indirectos que non son obxecto de compensación no Convenio segundo se desglosa no Anexo I.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

